



EUSKO JAURLARITZA
GOBIERNO VASCO

KULTURA SAILA
Hizkuntza Politikarako Sailburuordetza



Generalitat de Catalunya
Departament de la Vicepresidència
Secretaria de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

DECLARACIÓN DE PARÍS

Os responsables da política lingüística do Goberno Vasco, da Generalitat de Catalunya e da Xunta de Galicia, en representación dos tres gobernos, no marco do protocolo de colaboración subscrito polas tres institucións en materia de política lingüística e como froito da súa reflexión permanente sobre o papel e as condicións de desenvolvemento das diversas linguas na conformación da pluralidade identitaria, cultural e política dos modernos marcos de convivencia no seo de Europa e do Estado español, consideran que todas as linguas celebran a pluralidade do mundo e que o conteñen por completo, o que equivale a afirmar que sustentan en idéntica medida a convivencia. Non existen, en consecuencia, linguas menores, peores, inhábiles. Pola contra, todas elas cooperan en harmonía para desbotar vellos e insolidarios prexuízos e loitar contra a desigualdade de oportunidades, que relega unhas e encomia outras.

O plurilingüismo, factor dinámico de enriquecemento da convivencia, facilita a comunicación entre os múltiples universos que coexisten nas sociedades modernas. As prácticas tendentes a favorecer a implantación do monolingüismo sobre a base do sacrificio de linguas real ou pretendidamente máis débiles encerran, en si mesmas, o xerme da intolerancia e da exclusión, fenómenos ambos os dous profundamente incompatibles coas novas dinámicas sociais de integración e cooperación.

A diversidade cultural, intimamente vinculada á diversidade lingüística e un dos piares das sociedades modernas, constitúe un indicador esencial da saúde dos sistemas democráticos.

En consecuencia, as institucións asinantes, con ocasión da celebración do Ano Internacional das Linguas, formalizan a presente



DECLARACIÓN DE PARÍS

1. A pluralidade lingüística constitúe un dos valores fundamentais da Unión Europea e representa un fundamento sólido para a construción dunha Europa unida e plural.
2. Os cidadáns vascos, cataláns e galegos, como cidadáns europeos, han de poder recoñecerse nas súas linguas propias, en réxime de igualdade de oportunidades co castelán, lingua cooficial nas súas respectivas comunidades. É, polo tanto, esencial que se adopten as medidas oportunas en orde a que os cidadáns dos respectivos ámbitos territoriais poidan valerse da súa lingua propia como vehículo principal de relación coa súa comunidade.
3. Coherentemente coa nosa defensa do plurilingüismo, rexeitamos toda práctica causante ou favorecedora de calquera discriminación baseada na opción lingüística.
4. Todos e cada un dos poderes públicos europeos dos diversos ámbitos territoriais son responsables de garantir a diversidade lingüística e cultural europea. Na mesma medida, os poderes públicos, no ámbito que lle competa a cada un deles, haberán de fomentar e viabilizar ao máximo o compromiso lingüístico individual e colectivo dos cidadáns e cidadás en favor do uso da lingua propia, verdadeira pedra de toque de calquera avance en materia dun plurilingüismo real.
5. As linguas son patrimonio de todos os cidadáns. Vivimos en espazos cada vez máis multilingües e intercomunicados. Nos escenarios actuais, o multilingüismo é un valor, como o é cada unha das linguas que se falan no mundo. A defensa das linguas propias é, ao mesmo tempo, unha defensa do plurilingüismo e do valor das linguas.
6. O Estado español é un estado plurilingüe. O 40% das persoas que viven nel residen en comunidades cunha lingua propia distinta do castelán. O Estado debe



avanzar no recoñecemento da pluralidade lingüística que o constitúe e promover medidas tendentes a difundir entre a cidadanía do conxunto do Estado español o coñecemento básico da cultura que se expresa nas diversas linguas deste, así como o uso de todas as linguas oficiais das diversas comunidades autónomas.

7. Nunha Europa que pretende superar as súas fronteiras interiores, o coñecemento da realidade plurilingüe e multicultural europea constitúe un poderoso instrumento de integración baseada na mutua aceptación e nun marco de diversidade equilibrada. Nesa perspectiva, propoñémonos fomentar activamente a coordinación natural e o diálogo cultural permanente a escala interautonómica e transfronteiriza entre as comunidades estatais e europeas lingüísticamente afíns.
8. Nun mundo en franca e aberta interrelación e intercomunicación económica e cultural, as nosas linguas propias e a cultura que nelas se produce han de atopar o seu lugar no concerto internacional, polo cal nos propoñemos actuar de xeito coordinado e sumar accións e esforzos en favor da promoción nos ámbitos internacionais, e especialmente no europeo, das culturas de expresión vasca, catalá e galega.
9. A información distribuída polos medios de comunicación de titularidade pública debe reflectir fielmente a realidade plurilingüe do Estado español e do conxunto de Europa.
10. Os usos persoais e profesionais das tecnoloxías de información e comunicación, instrumentos básicos para a difusión e vigorización das linguas, han de adecuarse de xeito eficaz ás múltiples opcións lingüísticas posibles no marco do Estado español e de Europa, de maneira que a diversidade lingüística se garanta de xeito coherente coa evolución comunicativa da sociedade contemporánea.

Todo o ata agora exposto susténtase sobre a convicción de que unha Europa mellor será posible, precisamente, na medida en que se respecte a diversidade existente nela, respecto absolutamente coherente co mantemento dun trazo de identidade fundamental



EUSKO JAURLARITZA
GOBIERNO VASCO

KULTURA SAILA
Hizkuntza Politikarako Sailburuordetza



Generalitat de Catalunya
Departament de la Vicepresidència
Secretaria de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

para as nosas comunidades como é a lingua propia. En definitiva, sabemos que a liberdade de opción lingüística por parte de cada cidadán contribúe en boa medida á confortabilidade dunha Europa que debe basear a súa unidade no recoñecemento e valoración eficaces da diversidade.

París, 8 de febreiro de 2008